

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA CON MOTIVO DA VII CONVOCATORIA DOS PREMIOS “SIXTO SECO”

Santiago de Compostela, 08 de novembro de 2019

Dunha parte, a **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social na Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provista do NIF G-15721640. Constituída o día 27 de decembro de 1999, ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia don, con número de Protocolo. A Fundación está inscrita no rexistro de fundacións de interese galego, sección da Consellería de Cultura e Turismo, co número 73/1999.

Está representada neste acto por Manuel Vila López, en calidade de Secretario do Padroado da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, conforme aceptación do cargo efectuada no Padroado da Fundación na sesión do 12 de decembro de 2018, elevado a público ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia don, en data de 20 de marzo de 2019 con número de Protocolo, e en exercicio dos poderes delegados ao posto de Secretario do Padroado nos supostos de substitución temporal da Directora-Xerente, delegación acordada na sesión do Padroado da Fundación do día 13 de decembro de 2017, e elevada a público ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia don, en data 8 de marzo de 2018, co número de Protocolo.

E doutra parte, a **FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL** (en diante a “Afundación”), con domicilio social en, e provista do NIF; constituída consonte á escritura outorgada, ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia, don, baixo o número de protocolo. Afundación está inscrita no rexistro de fundacións de interese galego, sección da Consellería de Facenda, co número 2012/13.

Está representada neste acto por, na súa condición de, conforme aos poderes outorgados polo Padroado de Afundación en data do, elevados a público ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia don o día, con número de Protocolo.

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente Convenio de Colaboración (o “**Convenio**”), e ao efecto

EXPOÑEN

I.- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999, mediante escritura pública outorgada ante o Notario de Santiago de Compostela, , co número do seu protocolo, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura e Turismo que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

II.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia promove anualmente os premios Emprende Cultura Gaiás –“Sixto Seco” na Cidade da Cultura de Galicia, que xa vai pola súa VII Edición. Nesta convocatoria os premios teñen por obxecto impulsar o desenvolvemento de novas ideas emprendedoras relacionadas coas industrias culturais e que queiran desenvolver a súa actividade no Gaiás Cidade da Cultura de Galicia: deseñadores-ilustradores, profesionais da comunicación, produtores, xestores culturais, programadores de aplicacións informáticas e de proxectos culturais na internet e calquera outra persoa con vinculación no emprendemento cultural.

Preténdese así resaltar, impulsar, recoñecer e promover iniciativas concretas que sirvan de exemplo para o tecido empresarial en Galicia e indispensables para o seu fortalecemento e adaptación aos novos contornos económicos.

Trátase dun concurso de ideas empresariais innovadoras que ten por obxecto premiar a aqueles emprendedores e emprendedoras que presenten ideas innovadoras susceptibles de converterse en proxectos empresariais a curto e medio prazo.

As categorías ás que se pode concursar son:

- Categoría A: idea emprendedora para a programación de aplicacións informáticas relacionadas co sector cultural e proxectos culturais na internet.
- Categoría B: idea emprendedora para o desenvolvemento de proxectos na área do deseño, a xestión cultural e da creación artística e plástica no ámbito cultural.

Entenderase por “idea emprendedora” aquel paradigma que xurda para aproveitar unha oportunidade real de negocio, así como aquelas solucións creadas para cubrir necesidades do mercado que non están satisfeitas ou que, estando satisfeitas, son máis eficaces que as existentes.

III.- Que Afundación foi constituída consonte á escritura outorgada o día, ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, don, co número do seu protocolo, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Afundación foi clasificada de intereses social e de fomento da economía produtiva de Galicia, por Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de decembro de 2013, (DOG do 18 de decembro), e declarada de interese galego por Resolución da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda (DOG de 19 de decembro).

Entre os fins específicos de Afundación consonte aos seus actuais Estatutos, elevados a público o día, encóntranse actuacións relativas á educación en todos os seus niveis, e ao apoio á cultura e ao deporte base; para o cal a Fundación executará, potenciará e/ou propondrá a convocatoria de premios e/ou a súa concesión a persoas, organizacións e institucións que teñan destacado no mundo cultural, social e profesional.

IV.- Que Afundación mantén e desenvolve unha importante actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, e recoñece a importancia do emprendemento cultural relacionado coas

novas tecnoloxías e, por extensión, a importancia dos premios Emprende Cultura Gaiás-“Sixto Seco”, e a tal fin desexa colaborar na súa realización, promoción e difusión, mediante a achega en concepto de doazón pura, simple e irrevogable, de forma altruísta, e sen contraprestación ningunha da cantidade que se referencia posteriormente na cláusulas do presente convenio.

Que, en virtude das consideracións anteriores, ambas as dúas partes acordan a firma do presente acordo, de acordo coas cláusulas seguintes;

CLÁUSULAS

Primeira. - Obxecto. Contido e alcance

O presente Convenio ten por obxecto regular os termos e condicións da colaboración de ambas entidades, con motivo da sexta convocatoria dos premios Emprende Cultura Gaiás-“Sixto Seco” 2019.

Co fin de alcanzar o devandito obxecto, Afundación asume o compromiso de efectuar a achega económica que se indica na cláusula terceira seguinte para a promoción, divulgación, apoio e mecenado á celebración dos citados premios, e, en concreto, o premio da categoría A.

Pola súa banda, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, se compromete a:

- a) aplicar a achega económica ás actividades e nos termos recollidos nos parágrafos anteriores.
- b) difundir e facer constar, de forma visible, a colaboración prestada por Afundación nas comunicacións ou publicacións en que difunda información relativa ás actividades desenvolvidas coa colaboración de Afundación, todo iso, nos termos que se indican na cláusula cuarta seguinte.

Segunda. – Duración

O presente Convenio terá unha duración ata a data de entrega pública dos premios prevista para novembro de 2019, estando expresamente prohibidas as prórrogas expresas ou tácitas. Todo iso, sen prexuízo de que, por razóns organizativas da entrega, esta data deba pospoñerse alén do prazo indicado.

Terceira. - Aportación económica

Afundación comprométese a entregar a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA unha achega económica en metálico con carácter de **doazón** de **3.000,00 euros (TRES MIL EUROS)**, nun só prazo, a ingresar á maior brevidade desde a data de firma do presente documento na conta número, titularidade da FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.

Unha vez recibida a referida achega económica, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA expedirá a favor de Afundación unha certificación acreditativa da achega realizada, nos termos do establecido na Lei 49/2002, de 23 de decembro, do Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado e do seu Regulamento de desenvolvemento.

Cuarta.- Difusión da participación do colaborador

En tanto dure o presente convenio de colaboración, a difusión da participación de Afundación nas actividades da CIDADE DA CULTURA DE GALICIA levarase a cabo nos seguintes termos:

- A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométese a difundir, a participación e colaboración de Afundación mediante a inserción da súa marca, denominación social e/ou logos en cantos materiais publique a partir da data da firma do presente Convenio ou edite en relación coas actividades desenvolvidas coa colaboración de Afundación. A estes efectos, Afundación facilitará á FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA o modelo de marca ou logotipo que deba ser difundido e a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA axustarase en todo caso e calquera que sexa o material que no que se insira, o deseño facilitado por Afundación.
- A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométese a que sexa mencionada a colaboración de Afundación en todos os actos de difusión referidos á actividade.
- Afundación poderá facer pública a súa participación nas actividades de FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, baixo a denominación de Entidade Colaboradora da FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.
- A petición de calquera das entidades constitúese unha comisión de seguimento mixta paritaria integrada por representantes das mesmas coa función de concretar, no seu caso, a execución e desenvolvemento do pactado na presente cláusula.
- As probas de todos os elementos ou materiais nos que figure o nome e/ou anagrama de Afundación, serán remitidas pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia a Afundación previamente á elaboración dos mesmos para a supervisión da correcta aplicación da súa identidade corporativa.

En todo caso, a difusión da participación de Afundación nas actividades da FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA limitárase ao uso da súa denominación social e dos seus logotipos ou signos distintivos, quedando expresamente excluída deste convenio a publicidade, ou a difusión de calquera produto ou servizo que poida comercializar ou prestar Afundación.

Quinta.- Propiedade intelectual

En ningún caso as cláusulas do presente convenio supoñen a cesión ou transmisión de calquera dereitos de propiedade intelectual ou industrial titularidade de Afundación.

O uso non autorizado, ou para un fin distinto ao pactado no presente convenio por parte da FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA de calquera signo distintivo protexido polos dereitos de propiedade intelectual ou industrial ou intelectual de Afundación, facultará a esta para instar a resolución do presente Convenio, en cuxo caso, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométese a restituír a Afundación o importe das achegas realizadas e, todo iso, sen prexuízo da correspondente indemnización de danos e prexuízos a que houber lugar.

Sexta. - Causas de resolución

O presente Convenio poderá resolverse por calquera das seguintes causas:

- Por mutuo acordo das partes. As cantidades que haxan de satisfacerse no seu caso, serán as que as partes conxuntamente determinen no acordo de resolución.

- Por incumprimento das obrigas das partes. Cando o Convenio se resolva por causas imputables a calquera das partes, a parte incumpridora haberá de reparar os danos e prexuízos que por tal motivo tiver causado á outra parte.
- Por denuncia das partes poñéndoo en coñecemento da outra, polo menos cun (1) mes de anticipación á data en que desexase deixalo sen efecto.

En todo caso, haberán de ser finalizadas as accións que no seu momento se achen en curso ou estea comprometida a súa realización.

Sétima. – Publicidade

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación na páxina web oficial correspondente, coa expresión da súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno na Administración pública galega, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Neste sentido, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente Convenio a publicidade esixida. Non obstante o anterior, a remisión do convenio ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia para a súa publicación, non conleva a autorización para o tratamento de datos de carácter persoal de asinantes ou terceiros.

Oitava. – Tributos

Na execución do contido do presente convenio, cada parte soportará os tributos que se poidan percibir e sexan do seu cargo segundo a Lei.

Novena. – Natureza

O presente acordo ten a natureza prevista no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, e que, en ningún caso, debe considerarse que persegue os fins dos contratos de patrocinio publicitario recollidos no artigo 22 da Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeneral de Publicidade.

Para todos os efectos, a difusión da participación do Colaborador na actividade da Fundación non constituirá unha prestación de servizos.

Décima.- Protección de datos

Ambas as partes comprométense a dar cumprimento á normativa vixente en cada momento de protección de datos persoais, de conformidade co especificado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección dos datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPDP), a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante que sexa de aplicación. No caso de que, para a realización do obxecto do presente convenio, fora necesario que calquera dos asinantes accedese a datos persoais dos que resultase responsable a outra parte, darán cumprimento ás obrigas previstas no artigo 28 do RXPDP, e en ningún caso os aplicarán ou utilizarán para fins distintos ao obxecto do presente convenio.

Décimo primeira.- Xurisdición e competencia

Afundación e a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométense a buscar a resolución de calquera conflito ou incidencia que puidese xurdir na interpretación ou execución do presente convenio de xeito amigable.

En caso de que non puidese ser resolto como antecede, o presente Convenio someterase á xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela.

Décimo segunda.- Notificacións

Todas as notificacións, requirimentos, peticións e outras comunicacións que haxan de efectuarse polas partes en relación co presente Convenio, deberán realizarse por escrito e será dirixida por calquera medio admitido en dereito que permita ter constancia da súa data, da súa recepción e do seu contido, ben por correo electrónico ou ben por correo postal ao domicilio da outra parte, considerándose entregada tres días despois do envío sempre que o remitente teña no seu poder o xustificante de envío.

E en proba de conformidade, asínase electrónicamente o presente Convenio, para un só efecto, no lugar do encabezamento, e na data da última sinatura

Pola Fundación Cidade da Cultura

Por Afundación

Manuel Vila López

ANEXO I.- CERTIFICADO DE PAGO RELATIVO A CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
A FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE
GALICIA DE GALICIA _____

D/D^a _____, provista de DNI _____, na súa condición de _____ da
FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, con domicilio social na Cidade da Cultura
de Galicia situada en Santiago de Compostela, Edificio CINC, terceiro andar, Monte Gaiás s/n,
código postal 15707 e provisto de Número de Identificación Fiscal (N.I.F.) G-15721640,
conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación en data
_____.

Certifico

1º) Que esta Fundación foi constituída con data do día 27 de decembro de 1999 e declarada de
interese cultural por Orden da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de
Galicia de 11 de xaneiro de 2000, quedando adscrita ao Protectorado da Consellería de Cultura
e Turismo e que se atopa incluída entre as reguladas no artigo 16 da Lei 49/2002, do 23 de
decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao
Mecenado .

2º) Que para axudar ao cumprimento dos fins estatutarios desta Fundación, a entidade
Fundación Galicia Obra Social, con NIF e domiciliada na Rúa Cantón Grande 8 (CP 15003) de
A Coruña, abonou á FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA a cantidade de
_____ EUROS [_____ euros] mediante transferencia bancaria realizada o día
_____.

3º) Que esta Fundación aplicará a aportación económica á actividade “VII Convocatoria dos
premios Emprende Cultura Gaiás-“Sixto Seco” 2019”.

4º) Que dita cantidade foi entregada con carácter irrevocable e en concepto de Convenio de
Colaboración empresarial, ao que se refire o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro.

Todo o cal certifico aos efectos previstos no Título III da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de
Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado.

En Santiago de Compostela, _____,

A _____ da Fundación Cidade da Cultura de Galicia